Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Lendario do castro de San Romao

Deste castro sito no concello de Santiso (A Coruña), xa na década dos anos 30 do século XX, o ilustre prehistoriador don Florentino López Cuevillas, recolleu unha lenda que aparece publicada no "Terra de Melide" do Seminario de Estudios Galegos, do ano 1933. Dita lenda refire como "entre o Castro de San Romao e o das Varelas hai tres vigas; unha de ouro, outra de prata e a terceira de alquitrán". Trátase pois dunha das lendas máis comúns relacionadas co fenómeno folclórico dos Castros galegos, tantas e tantas veces repetida.

Mais hoxe increméntase o lendario deste castro con outros relatos recollidos por Elena Salgado, veciña da aldea de San Román, que foi recompilando da man de familiares e veciños, e que amablemente facilitou para coñecer un pouquiño máis o compoñente mítico que se asocia a ese castro. Foron tres as lendas recollidas pola mencionada informante, que reproducimos de xeito literal para non mudar o seu contido:

«Entre o Castro de San Román e o de San Martiño, hai tres minas, unha de ouro, unha de prata e outra de alquitrán. Aínda hoxe en día se pode ver por onde van as minas. Se atopas a de ouro, ou a de prata, faste rico, pero se atopas a de alquitrán arde a parroquia enteira».

Esta lenda é a mesma que recolleu Cuevillas, posto que o castro das Varelas e o de San Martiño son o mesmo.

Este Castro sitúase no Concello de Melide, a uns dous km de distancia do de San Romao. Podemos ver como a lenda aínda sobrevive case un século despois.

«Se o día de San Xoán ó abrir o día miras cara ó Castro, podes ver a galiña dos pitos de ouro pola Fonte Tibia» (a fonte Tibia, sitúase ó leste do Castro a unha distancia aproximada de 50 metros).

«Se unha noite clara de luar miras cara o Castro de San Román, podes ver un mouro todo vestido de negro».

Deste xeito pode concluírse que este castro conta co lendario máis representativo relacionado coa cultura castrexa: o das tres minas, vigas ou trabes; o da galiña cos pitos; e, como non, cos omnipresentes mouros que tan argalleiros e facedores deberon ser.

[Información de Cristina Vázquez Neira e Xurxo Broz, de Melide (A Coruña). Marzo de 2018]